

COÑECEMENTO DO CONTORNO

COÑECEMENTO DO CONTORNO

“COÑECE O TEU CONCELLO”

“COÑECE O TEU CONCELLO”

VISITA Á BIBLIOTECA MUNICIPAL +
AXENCIA DE LECTURA DA
GÁNDARA

CONTIDOS

Visita combinada aos dous locais onde se lle amosará ao alumnado as instalacións e se lle explicará todos os servizos que se prestan.

Desenvolvemento:

09:15 Recollida do autobús no centro escolar.

09:30 Chegada á Axencia de Lectura Municipal da Gándara.

09:30-10:00 Visita guiada á Axencia de Lectura Municipal da Gándara para que os nenos/as coñezan e utilicen este recurso.

10:00-10:15 Traslado da Axencia de Lectura á Biblioteca central.

10:15-11:15 Visita guiada pola sección infantil e bebeteca da biblioteca (planta soto).

- Explicaráselle aos nenos e nenas como está organizada a sección, como poden facer o carné da biblioteca e cales son os recursos que poden atopar.
- Daráselles información sobre as actividades infantís que estean programadas para o seguinte mes.
- Entregaráselles un díptico coa información básica para que a coñezan as familias.
- Participarán nunha actividade de dinamización que este ano terá como protagonista o medio ambiente.

11:30 Recollida do alumnado na biblioteca.

11: 45 Chegada de volta ao centro escolar.

OBXECTIVOS

- Achegar aos centros educativos o coñecemento da biblioteca, os seus recursos, servizos e instalacións.
- Fomentar no alumnado a curiosidade polo mundo dos libros e a lectura.

PERSOAS DESTINATARIAS : 2º de educación primaria.

Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: un grupo/aula por visita.

DATAS DE EXECUCIÓN: de novembro a maio.

DURACIÓN: dúas horas e media aproximadamente dende a recollida no centro ata a chegada de volta.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Biblioteca Pública Municipal de Narón e Axencia de Lectura Municipal da Gándara.

NECESIDADES DE ORGANIZACIÓN:

Dentro do posible non se programarán máis de dúas visitas escolares na mesma semana.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

COÑECEMENTO DO CONTORNO

“COÑECE O TEU CONCELLO”

“COÑECE O TEU CONCELLO”

VISITA Á BIBLIOTECA MUNICIPAL +
AXENCIA DE LECTURA DA
GÁNDARA

CONTIDOS

Visita combinada aos dous locais onde se lle amosará ao alumnado as instalacións e se lle explicará todos os servizos que se prestan.

Desenvolvemento:

08:45 Recollida do autobús no centro escolar.

09:00 Chegada á Biblioteca Pública Municipal.

09:00-10:00 Visita guiada á biblioteca. Unha traballadora da biblioteca recibirá o grupo visitante e encargarse de acompañalo polas catro plantas da biblioteca explicándolles en cada sección as tarefas que se realizan e os servizos dos que poden facer uso.

- Planta soto: sección infantil e bebeteca. Sala de exposicións e actividades.
- Planta baixa: hemeroteca (prensa e revistas), sección de información e referencia, sección de audiovisuais.
- Primeira planta: sección de adultos (narrativa, poesía, teatro, biografía, cómic), arquivo de depósito de libros.
- Segunda planta: sección de adultos (materias), seminarios, sala de usos múltiples, sala de informática.

10:15 Traslado do grupo da Biblioteca central á Axencia de Lectura Municipal da Gándara.

10:30 Chegada á Axencia de Lectura Municipal da Gándara

10:30-11:00 Visita guiada pola Axencia de Lectura Municipal da Gándara para que os mozos e mozas coñezan en empreguen este dispositivo.

11:15 Recollida do grupo na Axencia de Lectura da Gándara

11:30 Chegada de volta aos centros.

OBXECTIVOS

- Achegar aos centros educativos o coñecemento da biblioteca, os seus recursos, servizos e instalacións.
- Fomentar no alumnado a curiosidade polo mundo dos libros e a lectura.

PERSOAS DESTINATARIAS : 1º da ESO

Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: un grupo/aula por visita

DATAS DE EXECUCIÓN: de novembro a maio

DURACIÓN: Dúas horas e 45 minutos aproximadamente dende a recollida no centro ata a chegada de volta.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Biblioteca Pública Municipal de Narón e Axencia de Lectura Municipal da Gándara.

NECESIDADES DE ORGANIZACIÓN:

Dentro do posible non se programarán máis de dúas visitas escolares na mesma semana.

Coa finalidade de interferir o menos posible no normal desenvolvemento do traballo e da rutina habitual da biblioteca, a hora de visita será preferentemente a primeira hora da mañá. O horario do cronograma é orientativo, sempre adaptable aos horarios de entrada de cada centro en concreto.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

COÑECEMENTO DO CONTORNO

“COÑECE O TEU CONCELLO”

“COÑECE O TEU CONCELLO”

VISITA AO PAZO DA CULTURA

“ESPAZO VIVO”

CONTIDOS

Itinerario didáctico polas instalacións do Pazo da Cultura onde de xeito activo o alumnado poderá coñecer estas dependencias e algunhas das súas actividades: visita ao obradoiro de instrumentos musicais, aula de danza con demostración, aula de música con actuación musical en directo, etc.

OBXECTIVOS

- ✱ Darlle a coñecer ao alumnado as dependencias do Padroado da Cultura e os servizos que ofrece á cidadanía.
- ✱ Achegar aos centros educativos o coñecemento do Concello e as súas instalacións

PERSOAS DESTINATARIAS : educación primaria e educación secundaria

Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: un grupo/aula por visita

DATAS DE EXECUCIÓN: de xaneiro a abril

DURACIÓN: 2 horas aproximadamente.

LUGAR DE REALIZACIÓN: dependencias do Pazo da Cultura

COÑECEMENTO DO CONTORNO

COÑECEMENTO DO CONTORNO

“COÑECE O TEU CONCELLO”

„COÑECE O TEU CONCELLO“

ESPAZOS DE PARTICIPACIÓN

ESPACES DE PARTICIPATION

XUVENIL

ADOLESCENT

CONTIDOS

Os espazos de participación xuvenil son unha actividade da Escola de Participación Cidadá de Narón, dirixida preferentemente ao alumnado de 3º e 4º da ESO do concello. Con esta actividade, o alumnado vai ser parte dunha experiencia real de participación cidadá. Coñecerá de primeira man o seu municipio e a institución que o rexe, así como as vías para participar das súas decisións. Mellorará a súa capacidade de escoita activa, diálogo, creatividade e liderado, aptitudes ben necesarias nun contexto coma o actual. De maneira transversal, traballaremos ademais valores como a igualdade de xénero, a xustiza social e a democracia. A materia traballada está directamente conectada co temario de materias como Educación para a Cidadanía, Valores, Oratoria, Filosofía ou Xeografía e Historia, achegando unha experiencia significativa dos contidos curriculares.

A comezos de setembro, o equipo técnico da Escola de Participación terá unha reunión co equipo directivo ou docente solicitante da actividade para poder adaptala aos contidos da súa materia e ao traballo realizado no centro de ensino.

OBXECTIVOS

Os seus obxectivos son:

- Promover entre a mocidade participante a reflexión colectiva e a análise da realidade local, facendo fincapé nas vías para a participación cidadá.
- Favorecer o traslado de ideas e opinións significativas para a realidade das mozas e mozos ás súas responsables políticas.

PERSOAS DESTINATARIAS: Preferentemente 3º e 4º da ESO (en todo caso, os seus contidos e a súa metodoloxía permiten adaptala para o desenvolvemento con alumnado de 2º da ESO ou mesmo de 1º de bacharelato). **Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES:** Un grupo/aula por sesión. (Un número ideal está arredor de 15-20 alumnas e alumnos).

DATAS DE EXECUCIÓN: En setembro haberá un espazo de coordinación co equipo directivo ou persoal docente de referencia na actividade para a adaptación da actividade aos intereses do centro. As sesións en aula desenvolveranse entre xaneiro e xuño, a consensuar cos equipos dos centros educativos.

DURACIÓN:

1º sesión en aula (50' aproximadamente). A proposta sería desenvolver as primeiras sesións entre xaneiro-febreiro de 2027. Presentamos o marco da actividade, e introducimos que é a participación cidadá.

2º sesión en aula (50' aproximadamente). A proposta sería desenvolver esta segunda sesión en febreiro-marzo de 2027. O alumnado pensa e comparte as necesidades que ten sobre o seu territorio, e acompañámoslles para que conecten con elas.

3º sesión (50' aproximadamente). A proposta é desenvolver as terceiras sesións en marzo 2027. Neste espazo se concretarán as propostas que cada aula querrá trasladar ao Concello; estas serán completadas nun espazo de encontro co resto de alumnado participante doutros centros educativos. Espazo intercentros (180'). Celebraremos o Espazo intercentros; un encontro dirixido ao alumnado participante onde poñer en común os temas traballados na aula, buscar sinerxias nas súas ideas e construír propostas de cambio. Posteriormente, compartiranse as propostas coas responsables políticas. A duración e distribución das sesión poderá modificarse de forma consensuada cos centros de ensino, en función do seu interese e das posibilidades de axenda. Na reunión de setembro falarase das preferencias e posibilidades.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Centros educativos + Pazo da Cultura Narón.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

COÑECEMENTO DO CONTORNO

“COÑECE O TEU CONCELLO”

„COÑECE O TEU CONCELLO“

VISITA GUIADA AO CENTRO
SOCIOCOMUNITARIO “MANUELA
PÉREZ SEQUEIROS”

CONTIDOS

A actividade consistirá na convivencia e participación das actividades do centro comunitario Manuela Pérez Sequeiros.

1. Visita guiada polas instalacións do centro comunitario, explicando que é un centro comunitario, de que partes se compón, quen é o persoal profesional e cales son as súas aulas e as distintas funcións de cada unha.
2. Taller de actividades do centro comunitario e do centro de día.
3. Despedida e acompañamento á saída do centro.

OBXECTIVOS

- ✧ Crear un espazo interxeracional de encontro.
- ✧ Fomentar a comunicación, respecto e aprendizaxe dos/as nenos/as a través da convivencia en distintas dinámicas con persoas maiores.
- ✧ Coñecer as instalacións do noso entorno, neste caso un centro comunitario municipal.

PERSOAS DESTINATARIAS : alumnado de educación primaria

Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: un grupo/aula por visita

DATAS DE EXECUCIÓN: de outubro a xuño

HORARIOS:

En horario de 11:00 a 12:30 h:

Nas seguintes datas: OUTUBRO:9 e 28/ NOVENBRO: 16/ XANEIRO: 25 / FEBREIRO: 18/
MARZO: 10/ ABRIL: 9/ MAIO:6/ XUÑO:11)

En horario de 10:00 a 11:30 h:

Nas seguintes datas: XANEIRO:14/ MAIO: 19

DURACIÓN: 90 minutos

LUGAR DE REALIZACIÓN Centro Comunitario Manuela Pérez Sequeiros



COÑECEMENTO DO CONTORNO

COÑECEMENTO DO CONTORNO

“COÑECE O TEU CONCELLO”

“COÑECE O TEU CONCELLO”

VISITA Á LUDOTECA MUNICIPAL

CONTIDOS

Itinerario didáctico polas instalacións da ludoteca onde de xeito activo o alumnado poderá coñecer o material, actividades e obradoiros que ofrece o servizo.

Desenvolvemento:

9:15 Recollida do autobús no centro escolar.

9:30-9:45 Visita guiada polas instalacións da ludoteca. Unha educadora recibirá o grupo de nenos e nenas e encargarse de amosarlles a distribución dos xogos e xoguetes nos diferentes espazos, a clasificación por idades de todo o material, as recomendacións para a súa utilización e as pautas para a participación nas actividades e obradoiros. Ademais, o alumnado coñecerá cales son os obradoiros que se desenvolven regularmente e aqueles máis específicos que se levan a cabo para traballar unha temática de interese ou unha data sinalada.

9:45-10:30 Realización dun obradoiro de reciclaxe creativa no que o alumnado elaborará un sinxelo xogo ou xoguete utilizando materiais de refugallo.

Realización dun pequeno obradoiro relacionado coa temática que se estea traballando na ludoteca no momento en que se realice a visita.

10:30-11:00 Xogo libre. O grupo participante poderá facer uso dos xogos e xoguetes da ludoteca seguindo dinámicas de xogos grupais e cooperativos.

11:00 Recollida do alumnado na ludoteca.

11:15 Chegada de volta ao centro escolar.

OBXECTIVOS

- ✧ Darlle a coñecer ao alumnado a instalación da ludoteca e os servizos que ofrece á cidadanía.
- ✧ Transmitirlle aos menores a importancia das actividades lúdicas para o desenvolvemento integral infantil co xogo como fío condutor.
- ✧ Achegar aos centros educativos o coñecemento do Concello e as súas instalacións.

PERSOAS DESTINATARIAS : 1º e 3º de primaria

Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: un grupo/aula por visita (máx 25 persoas)

DATAS DE EXECUCIÓN: de outubro a xuño

DURACIÓN: de 9:30 a 11:00

LUGAR DE REALIZACIÓN: Ludoteca Municipal de Narón, R/Cardeal Cisneros Nº2, Baixo. Santa Icí, Narón

COÑECEMENTO DO CONTORNO

COÑECEMENTO DO CONTORNO

“COÑECE O TEU CONCELLO”

“COÑECE O TEU CONCELLO”

VISITA AO CENTRO DE RECURSOS

SOLIDARIOS


CONTIDOS

Visita ás instalacións do Centro de Recursos Solidarios, onde de xeito activo o alumnado poderá coñecer estas dependencias e os traballos solidarios que alí se realizan. Previamente á realización da visita á instalación, o CRS enviará información mediante un PPoint a cada centro educativo, informando sobre o Centro de Recursos Solidarios para que o profesorado e o alumnado o poidan visualizar e coñecer de antemán o que alí se realiza, e así poder confeccionar un mural baixo o título “*Que é o centro de recursos solidarios de Narón?*”. A visita consiste en:

- ✧ Visita guiada á instalación do centro de recursos solidarios, explicación da labor que realiza e as tarefas do voluntariado.
- ✧ Dinámica grupal “A lotaría da vida” de sensibilización sobre as realidades das persoas e as súas necesidades.
- ✧ Obradoiro de clasificación de roupa co alumnado
- ✧ Entrega do mural “Que é o centro de recursos solidarios de Narón...?”

OBXECTIVOS

- ✧ Coñecer o funcionamento do centro de recursos solidarios e familiarizarse coas súas instalacións.
- ✧ Achegar ao alumnado o coñecemento doutras realidades, fomentando a solidariedade e a cooperación.
- ✧ Espertar interese polas posibilidades de reutilizar e reciclar roupa, potenciando un consumo responsable e solidario.





PERSOAS DESTINATARIAS : alumnado de 5º, 6º de educación primaria e 1º de ESO

Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: un grupo/aula por visita

DATAS DE EXECUCIÓN: outubro, novembro e de febreiro a maio

DURACIÓN: 1 hora e 30 minutos aproximadamente: de 10:00 a 11:30 horas

LUGAR DE REALIZACIÓN: centro de recursos solidarios

COÑECEMENTO DO CONTORNO

COÑECEMENTO DO CONTORNO

ITINERARIOS DIDÁCTICOS
TEATRALIZADOS DE VISITA AO
CONCELLO

“ UN PASEO POR NARÓN ”

CONTIDOS

A actividade consistirá nun itinerario didáctico que tratará de acercar o Concello aos centros educativos. Percorreranse distintas estancias da Casa Consistorial rematando a visita no salón de plenos, onde o alumnado será recepcionado pola Alcaldesa, á cal lle poderán facer todas as preguntas e propostas que consideren oportunas. Proxectarase un vídeo didáctico: “A abella Nara, un conto para coñecer o Concello”

OBXECTIVOS

- ✧ Dar a coñecer a Casa Consistorial e os diferentes servizos que ofrece á cidadanía.
- ✧ Comprender como funciona o Concello e por quen está composto o Goberno municipal.
- ✧ Achegar ao alumnado información dos trámites e xestións que poden realizar, quen traballa nos diferentes servizos, e cal é a historia do noso concello.

PERSOAS DESTINATARIAS : educación infantil (5 anos)

Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: un grupo/aula por visita

DATAS DE EXECUCIÓN: de outubro a decembro

DURACIÓN: 1h e 30 minutos aproximadamente.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Casa Consistorial de Narón

COÑECEMENTO DO CONTORNO

“COÑECE O TEU CONCELLO”

ESCAPE ROOM

“NARÓN É UN MISTERIO” (6º E.P)

CONTIDOS

A actividade consistirá nun itinerario didáctico, unha entrevista coa alcaldesa ou representante do goberno municipal, e un escape room participativo.

Partes da actividade:

A entrevista coa alcaldesa no salón de plenos: as alumnas e alumnos durante esta entrevista poderán formular preguntas, trasladar propostas ou suxestións de mellora ao goberno municipal, e charlar sobre as súas inquedanzas...

O Escape Room “NARÓN É UN MISTERIO”

Será a representante do goberno municipal quen ao final da súa intervención pida axuda ao grupo para enfrontar unha misión segreda (tras explicarlle un importante problema que ten que solventar o concello).

Esa misión segreda é importante para o conxunto da cidadanía e ten que ver coa memoria histórica de Narón. Soamente poderá ser resolta coa axuda dos nenos e nenas. Eles e elas foron os e as elixidos/as para representar ao pobo.

Para resolver este problema será imprescindible a axuda e o traballo en equipo dos nenos e nenas elixidos, de un monitor-dinamizador axudante, e de unha personaxe enigmática e un tanto contraditoria que entrará en xogo no salón de plenos e que ten as claves que permitirán resolver o problema.

Algúns datos importantes: a misión é de alto segredo, e por seguridade non podemos desvelala, pero si podemos adiantarvos que é fundamental que as nenas e nenos

coñezan previamente os elementos que compoñen o escudo de Narón e outra información relativa ao Concello (contida nunha unidade didáctica que será enviada con anterioridade ao centro).

Para a resolución das probas, as nenas e nenos soamente poderán empregar a súa memoria, o seu enxeño, o coñecemento da súa contorna, a súa escoita activa, e a súas habilidades sociais á hora de empatizar entre eles/as e co personaxe misterioso.

Será crucial a súa actitude colaborativa, e non se permitirá baixo ningún concepto a busca de datos a través de ningún dispositivo electrónico.

As nenas e nenos non poderán abandonar o salón de prensa ata ter resolto o problema plantexado encomendado pola alcaldesa.

As probas serán as propias dun escape room profesional pero simplificadas de xeito que poidan ser resoltas polo traballo en equipo das nenas e nenos. Empregaranse cofres pechados, chaves, lanterna de luz ultravioleta, mapas, adiviñas, labirintos, combinacións numéricas, mensaxes cifrados, libros antigos, etc.

Recursos :

As visitas co alumnado de 6º de Educación primaria realizaranse con un monitor dinamizador, e unha vez estean no salón de plenos aparecerá un segundo personaxe que axudará á representante do goberno municipal a introducir o problema para converterse a continuación nunha figura clave para a súa resolución.

A visita contará con material de apoio: una unidade didáctica sobre o Concello de Narón, e material para as probas e enigmas do escape room.

Itinerario Didáctico e orde cronolóxico das actividades: trala chegada á Casa do Concello percorrerase algúns corredores ata chegar ao salón de plenos, onde o alumnado será recepcionado por unha representante do goberno municipal. A continuación, trasladaremos ás alumnas e alumnos ao salón de prensa para resolver o enigma.

Deste xeito, as alumnas e alumnos coñecerán diferentes estancias da Casa Consistorial.

OBXECTIVOS

- ✧ Dar a coñecer a Casa Consistorial e os diferentes servizos que ofrece á cidadanía.
- ✧ Comprender como funciona o Concello e por quen está composto o Goberno municipal
- ✧ Achegar ao alumnado información dos trámites e xestións que poden realizar, quen traballa nos diferentes servizos, etc.
- ✧ Coñecer e xogar en torno á historia, o pasado e os símbolos do Concello.
- ✧ Facer protagonista a o alumnado como peza clave no entramado social e participativo do Concello (presente e futuro)

PERSOAS DESTINATARIAS: alumnado cursando 6º de E.P

Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: 25 alumnos/as

DATAS DE EXECUCIÓN: de outubro a decembro

DURACIÓN: hora e media de duración

LUGAR DE REALIZACIÓN: Casa do Concello